

RESOLUCIÓN

Contrato administrativo de servizos para a "Asesoría xurídica do Centro de Información á Muller do Concello de Carballo" (SER. 44/2020). Exclusión de licitadores.

Primeiro.- Por Acordo da Xunta de Goberno Local do día 21/12/2020, aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, dun contrato de servizos para a "Asesoría xurídica do Centro de Información á Muller do Concello de Carballo" (SER.44/2020).

Segundo.- A Mesa de contratación en sesión celebrada con data 15/02/2021, celebrou o acto de apertura do sobre núm. 1 denominado "Documentación administrativa".

Logo de revisar a documentación presentada, a mesa de contratación, acordou requirir aos licitadores BER&MOR Abogados, SL e Rubén Ouro Val a subsanación da parte IV do Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) (ausencia de declaración da solvencia económica e financeira e técnica e profesional, apartados 6.2 e 6.3 do CCC) no prazo máximo de tres (3) días hábiles.

Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público, o envío dos requerimentos aos licitadores, fíxose o 15/02/2021 ás 10:48h.

A data final de resposta sería o 18/02/2021 ás 23:59 h. Comprobada a Plataforma de Contratos do Sector Público, non consta a subsanación de ningunha documentación, por parte do licitador.

Á vista do cal, a mesa de contratación, na sesión do 24/02/2021, propón o órgano de contratación a súa exclusión do procedemento con referencia SER 44/2020.

Polo anteriormente exposto **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocación.

Avocar a competencia delegada por Decreto de Alcaldía nº 1661/2019 de 17 de xuño de 2019 na Xunta de Goberno Local, segundo o establecido no Art. 10 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público. Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre.

Segundo.- Exclusión dos licitadores.

Excluir do procedemento de contratación para a "Asesoría xurídica do Centro de Información á Muller do Concello de Carballo" (SER.44/2020), por non subsanar en forma e prazo, a súa solvencia ao non completar a parte IV, no Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), aos seguintes licitadores:

- BER&MOR Abogados, SL
- Rubén Ouro Val, con NIF 33.559.519 N

Tercero.- Publicidade.

Notificar este Decreto aos interesados e efectuar a correspondente publicación no perfil do contratante.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2020/C004/000010
Exp. 2021/G003/000436

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde
Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario/a Accidental
Susana Mariño Lorenzo